



ANUNCIO

CONVOCATORIA DO EXAME PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS

Ponse en coñecemento de todas as persoas interesadas en tomar parte nas probas para a obtención do PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI, que deberán presentar a solicitude, ben presencialmente ou de maneira telemática (por internet), a través do seguinte enlace:

https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=181

Deberá presentarse a solicitude xunto coa documentación esixida no artigo 25 do Texto Consolidado da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, aprobada na data 9 de febreiro de 2015, modificada por acordo plenario de data 5 setembro de 2018 e modificada por acordo plenario de data 30 de marzo de 2022, en vigor a partir do 7 de maio de 2022 (en diante, Ordenanza municipal) e que se relaciona seguidamente. O prazo para a presentación das citadas solicitudes comprende **dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio e até o 11 de novembro de 2024, incluído**. A citada convocatoria xurdirá efectos a partir da data da súa publicación na **Sede Electrónica do Concello de Vigo (no apartado 'CONVOCATORIAS E SUBVENCIONS' ou no Taboleiro de Editos)**. A documentación que se debe achegar coa solicitude é a seguinte:

- ☞ *Pagamento das Taxas por dereito de exame (artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 11 -ORDENANZAS DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS 2024).*
- ☞ *Unha fotografía con tamaño de 50 mm de alto e 40 mm de ancho (**sen grampar**). (de ser solicitude telemática, a citada fotografía presentárase escaneada, debendo ter unha perfecta visibilidade).*
- ☞ *Copia do DNI ou documento equivalente en caso de estranxeiros.*
- ☞ *Copia do carné de conducir.*
- ☞ *Certificado expedido polo Ministerio de Xustiza, que acredite a carencia de antecedentes penais. (**modelo 790**). (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).*
- ☞ ***Certificado ou Informe médico, expedido nos termos expresados no artigo 25 da Ordenanza Municipal de Taxi, e no que se establece que non se padece enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite o dificulte o normal exercizo da profesión (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data do anuncio).***

*Os informes ou certificados presentados que non indiquen o establecido nos anteriores parágrafos, **non serán admitidos**.*

O exame constará das seguintes partes:

- ☞ *Coñecemento da Ordenanza municipal*
- ☞ *Ubicacións de rúas e puntos de interese na cidade de Vigo.*
- ☞ *Itinerarios a seguir entre dúas ubicacións do termo municipal de Vigo.*

Dentro dos dez días seguintes á finalización do prazo para a presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe na que se indicarán as persoas que deban completar a súa solicitude con documentación non entregada en prazo (será publicada nos apartados '**CONVOCATORIAS E SUBVENCIONS**' da **Sede Electrónica do Concello de Vigo e no seu Taboleiro de Editos**).

Asimismo, as listaxes nas que se indicará o lugar de realización da proba, o horario no que cada solicitante debe presentarse á mesma nos días establecidos, no seu caso, e demais circunstancias relacionadas, publicaranse na Sede Electrónica indicada no anterior parágrafo.

As probas realizaranse o **DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2024**, na ubicación que se determine por este servizo, que será comunicada coa suficiente antelación nunha próxima publicación. Os solicitantes comparecerán provistos de bolígrafo azul e carné de conducir. Se o nº de aspirantes así o esixira, estableceríase outro día adicional para a realización do exame citado.

CPG/omc

SINADO DIXITALMENTE:

A XEFA DO SERVIZO DE TRANSPORTES.....Carmen Pintado García

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DA

AREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVICIOS E DEPORTES.....Francisco Javier Pardo Espiñeira

(Decreto de delegación de competencias de 28 de xuño de 2024. BOPPO n.º 133, de 9 de xullo de 2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/10/2024 14:20	Páxina 1 de 1
4810-449	CSV: ABA75D-E7ED82-51384E-UWDR1M-1PCG2H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		